



Máis de 300 cazadores daranse cita este fin de semana na Gala.

IX DÍA GALEGO DA CAZA

O vindeiro sábado, 30 de xuño, a Federación Galega de Caza vístese de gala para celebra-la novena edición do Día Galego da Caza, que consiste nun xantar de irmadade entre os cazadores galegos, ao longo do cal faise entrega dos *Premios Galegos da Caza* aos mellores deportistas, sociedades de caza, organismos públicos, autoridades, medios de comunicación e a aquelas persoas que de xeito individual ou colectivo máis contribuíron a impulsar, promover e difundi-lo deporte cinexético durante o derradeiro bienio.

O acto comezará ás 13 horas, coa entrega de Galardóns aos subcampións e terceiros clasificados dos Campionatos Nacionais e Internacionais, Campións Galegos, Campións Provinciais, Campións da Copa Federación, e ás Sociedades organizadoras dos Campionatos Galegos e dos Campionatos de España, así como ás sociedades que participaron na campaña caza solidaria con motivo dos incendios do pasado verán.

Arredor das 14,30 horas, celebrarase o xantar de confraternidade no restaurante Os Robles, en Santiago de Compostela, e acto seguido procederáse á entrega dos Galardóns aos mellores Deportistas e Equipos; *Diego Antelo Noya* (mellor deportista xuvenil), *Angel Mosquera Rodríguez* (mellor deportista veterano), *David Andrew Howatson* (springer spaniel), *José Sanmartín Pérez* (San Huberto), *Equipo "Fox"* e *Equipo "Santiago Apóstol"* (Raposo), e *Club Poutomillos Breogán* (Arco).

Ademais dos anteriores entregaranse os Premios Extraordinarios, que recaen nesta edición en *Marcial Calvo Hermida* (premio toda unha vida adicada á caza), *Mari Carmen Díaz Fernández* (premio xove promesa), *Berta Rodríguez Domínguez* (premio diana cazadora), *José Cadenas Neira* (premio superación e sacrificio), *Santiago Rey Fernández-Latorre* (premio San Huberto), *Ramón Brigós Fernández* (mellor autoridade deportiva), *ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE* (mellor organismo público), e entre os medios de comunicación serán galardoados *Miguel Piñeiro* (Director do Programa Ríos e Montes da Radio Galega), *Raquel Gandoy* (Directora do Programa Couto Vivo da TVG), e *Alicia Orriols* (Directora da Revista Caza e Pesca Galega).

A Insignia de Ouro, máximo galardón da Federación, impóñerase nesta ocasión a *José Manuel Vaamonde González*, expresidente da FGC, polo seu encomiable labor en defensa da caza e dos cazadores galegos durante o seu mandato como máximo responsable federativo.

Gabinete de Comunicación
www.federaciongalegadecaza.com



IX Dia Galego da Caza

30 de Xuño 2007

PROGRAMA

Día: 30 de Xuño de 2007

Lugar: Restaurante 'Os Robles'
Carretera Santiago a Estrada Km. 3, Montouto – Teo

Horarios:

13.00h : Entrega dos *Premios Galegos da Caza*
correspondentes aos anos 2005 e 2006 aos Campións
Provinciais, Campións Galegos e Campións da Copa
Federación das diferentes modalidades deportivas; así como
ás Sociedades de Caza galardonadas.

14.30h : Xantar do *Día Galego da Caza*

16.30h : Entrega dos *Premios Galegos da Caza* aos
Campións de España, Campións de Europa e Campións do
Mundo, e dos Premios Especiais aos Cazadores, Autoridades,
Institucións e Medios de Comunicación.

EL PERRO Y EL CAZADOR

Fue el primero en acercarse a nuestro fuego, el primer aliado cuando el combate contra las bestias no tenía un seguro vecindario, fue nuestro olfato, nuestro vigía, nuestro compañero de caza.

Antes que cualquier otro fue él quien se acercó al hombre antes de que se domesticara ningún otro animal, en el tiempo de los cazadores-recolectores del paleolítico, cuando se estaba pintando Altamira, el perro vino al hombre o el hombre buscó al perro. Al lobo mejor dicho, porque entonces era lobo...

(“Chani “ Antonio Pérez Henares)



DEPORTE GALEGO

Federación Galega de Caza
Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: www.federaciongalegadecaza.com